






Camiñando: De San Isidro á Ponte Nova

MIDE

Severidade do medio natural:		2
Orientación no itinerario:		1
Dificultade no desprazamento:		1
Cantidade de esforzo necesario:		2



Horario:

3 horas

Desnivel de subida:

248 metros

Desnivel de baixada:

248 metros

Distancia horizontal:

12,4 quilómetros

Tipo de percorrido:


ida e volta

Tiempos estimados segundo criterio mide sen paradas.

Calculado sobre datos de 2020.



51






A nosa camiñata parte dun lugar con encanto, a capela de San Isidro. Uns bancos con mesa, baixo unha acacia negra, permítennos preparar un camiño que seguirá a beira do Río Pequeno, a poucos metros dun abandonado mazo, o Machucovello, que forxaba outrora o ferro que a minería antiga extraída destas terras. Este río debe considerarse como unha das fontes Río Xubia ou Río Grande, xa que nace na ladeira oposta a este no Monte Taornelo, no límite sueste do municipio, tendo así un nome complementario co que levará a fama á ría de Ferrol tras 31km de zigzagueante e ameno discorrer. O seu percorrido parte destes altos de Somozas para sucar os concellos de Moeche, San Sadurniño, Narón e Neda, converténdose así na principal vea hídrica da comarca.

A proposta de carreiro, apta para camiñar e realizar en bicicleta de montaña, segue os citados ríos durante seis quilómetros e medio, por un val encaixado que irá

cambiando de dirección cada pouco tempo seguindo as engurras que a rede fluvial modelou nas fracturas e pregues do terreo, cuxa preparación definitiva remóntase a tempos nos que os Alpes e os Pireneos adquiriron o status de cordilleira.

A camiñata discorre por unha ladeira dedicada aos prados de rega, aproveitando as especiais condicións hídricas e a pendente. Unha paisaxe fluvial escarpada e labiríntica vaise sucedendo ante os nosos ollos, que recrearán a vista nas vertentes dos montes e nas cores cambiantes de distintas especies vexetais. Todo é acougo mentres imos escoitando o son



alternante da présa e a tranquilidade das augas, que no ondulado terreo vaise facendo máis próximo cando nos achegamos ao seu curso e un murmurio cando os meandros afástannos del.

Entre tanta biodiversidade, a frecuente aparición do loureiro e as hedras lembra antigos climas tropicais que quizá volverán. Ao bordo do camiño veremos o contraste cromático dos fentos máis representativos: o dentabré ou fento real, dun verde claro e unha frondosidade rechamante; e o blechno ou fento fero, a modo de lanzal espiñazo verde escuro. Non faltan os breixos, que encherán de morados as zonas rochosas e os claros do camiño, parte dun xogo cromático que irá variando coas estacións e que presentará unhas magníficas combinacións mediado o outono. A riqueza vexetal e faunística levaron a este río para formar parte dun Lugar de Interese Comunitario, o LIC Xubia-Castro, declarado en 2004.